

O SIL

ano 2000

Redacción: rúa Conde de Fenosa, nº 11, 2º; O Barco de Valdeorras

Nº 64/Outubro 2001/300 Ptas/1,80 euros./Publicación Mensual

Tel: 988 34 70 12 Fax: 988 34 72 87



JOSMERFOTO

11 de setembro

Así o vivíu a nosa xente

páxs. 4-11

T **V**
ANATÓRICOS ALDEORRAS

FUNERARIA SANTA RITA

Tfn: 988 32 52 14

Avda. Santiago Melo 17 bis - Valdeorras - C/ Calvario, 52500 - O Barco de Valdeorras

Entrevista Ramón Núñez, director da Casa das Ciencias da Coruña.
páxs. 20-21

CON ESTE NÚMERO

Sumario

- páx. 15
Entrevista José Vicente Solarat, alcalde rues
- páx. 33
A AGP, na feira Concreta, en Oporto
- páx. 59
Cine: Ignacio Vilar inicia a rodaxe de "Ilegal"

21 de outubro. Eleccións autonómicas. páxs. 18-19.

CARLOS G. HERVELLA

VI Mostra de Valdeorras. páxs. 16-17





Imaxe das torres xemelas de Nova York, tras o impacto dos dous avións.



Instante no que se produce o derrumbamento da primeira torre.

O SIL A estela da globalización

A afirmación de que vivimos nun mundo globalizado no que o local e o internacional se engarzan é algo máis que probado, sobre todo, tras os recentes atentados en Estados Unidos. A retransmisión en directo de cada un dos momentos do atentado, así como as labores de rescate fixo que a meirande parte dos cidadáns do mundo coñecesen o que sucedía, antes incluso que os propios norteamericanos.

Aínda hoxe un feito que acontece a milleiros de quilómetros segue a ocupar, case un mes despois, as portadas e amplos espacios nos medios de comunicación internacionais, nacionais e rexionais. O periódico **O Sil**, malia o seu carácter mensual e comarcal, non puido quedar alieo a estes sucesos internacionais, máxime tendo en conta que moitas persoas do oriente ourensán, que residen en Nova York e en Washington as viviron e foron testemuñas directas deles. Por iso, quixemos facer, con moito esforzo, unha aproximación a estes feitos a través das persoas, naturais do oriente ourensán, que os presenciaron. A todas elas, así como os seus familiares nas comarcas de Valdeorras e Trives, temos que darlles as grazas polas facilidades que nos deron para desenvolver o noso traballo informativo e poder transmitirles así ós nosos lectores unha visión diferente e cercana dos feitos.

Ademais tampouco podemos sustraernos das consecuencias, entre elas as económicas, que este ataque ó corazón do poder económico e militar estadounidense está a provocar en todo o ámbito internacional. Por iso, consideramos que debíamos, tamén, achegar a opinión de persoas de referencia no ámbito da economía, da empresa e das relacións internacionais sobre o que significaron estes atentados e as que poden ser as súas consecuencias. A todos eles temos que agradecerlle o seu interese por colaborar co periódico **O Sil ano 2000**.

As repercusións que no eido internacional causaron e están a causar os atentados poden alcanzar tamén nalgúns aspectos as economías locais (de novo a globalización). Isto sen embargo, non debe ser un atranco para que o as comarcas de Valdeorras e de Trives se estaquen

e non aproveiten e desenvolvan os seus recursos e o seu potencial. Nesa liña pode situarse a aposta polo turismo que se está a facer dende a comarca de terras de Trives. Froito deste esforzo é o feito de que Trives foi sede do I Encontro Nacional de Plans de Dinamización Turística. Nestas xornadas que se prolongaron durante tres días, deronse citas expertos do sector do turismo que están a desenvolver plans de dinamización e excelencia turística na meirande parte do territorio español.

Entre tanto, Valdeorras empeza a dar tímidos pasos para a solicitude do que podería ser o seu primeiro Proder, unha iniciativa que pode ser importante para a comarca, pero debe enfocarse e traballarse aínda axeitadamente.

Por outra parte, os cidadáns do oriente ourensán, o mesmo que todos os galegos, non poden esquecerse da vindeiras eleccións autonómicas galegas, previstas para o 21 de outubro. En perspectiva da celebración destas eleccións galegas, as primeiras do século XXI, o periódico **O Sil** traballou ó longo de dez meses para dar a coñecer ós nosos lectores os proxectos, programas e perspectivas polas que apostaban os diferentes responsables e líderes das formacións políticas que se presentan a estas eleccións.

Unhas eleccións nas que o oriente ourensán non ten ningunha representación en postos de saída en ningún dos partidos políticos que concurren os comicios. A pesar do peso económico e do potencial desta parte oriental da provincia de Ourense, de novo volvemos a quedar descolgados, en canto a representación política se refire, da administración autonómica. Unha situación que pode ser unha limitación para o desenvolvemento futuro destas comarcas.

O oriente ourensán carece de representantes locais en postos de saída nas eleccións autonómicas do 2001



No barrio chinés véndense dende camisetas ata fotos do intre dos sucesos.



Panorámica de Manhattan, coa ausencia das torres xemelas.



As fotos dos desaparecidos encheron algunhas das rúas de Manhattan.

Reportaxe fotográfico feito en exclusiva en Nova York para o periódico **O Sil ano 2000** por Josmerfoto.

OS NOSOS COLABORADORES



LOLI ÁLVAREZ
Membro de equipo de supervisores da liña aérea "GO" ubicada en Stansted (Inglaterra).

Un país de loito

Páx. 7



JOAQUÍN FERNÁNDEZ
Director Xeral - CEDIE

Conflicto globalizado

Páx. 8

JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ
Xerente da Cámara de Comercio de Ourense

"Reflexiones"

Páx. 8



HONORATO VÁZQUEZ ISLA
Conselleiro Director Xeral de Unión Fenosa

"Consecuencias económicas de los atentados sucedido en EE.UU."

Páx. 9



AMADEO PÉREZ
Conselleiro da Misión permanente de Suiza ante as Organizacións Internacionais en Xenebra

Lucha mundial contra el terror: la cruzada de G. W. Bush

Páx. 10



SANTIAGO VÁZQUEZ LEÓN
Presidente da Asociación Galega de Pizarristas

Con repercusiones indirectas

Páx. 10

FRANCISCO RODRÍGUEZ GARCÍA
Presidente da CEO

¿Y ahora qué?

Páx. 11



PABLO FERNÁNDEZ NÚÑEZ
Licenciado en Filosofía

"Sobre el atentado"

Páx. 11



En portada



Rubiá. Eustasio Laurel na súa visita a Nova York, coas torres ó fondo.



San Xoán de Río. José Luís Rodríguez, primeiro pola esquerda, coa súa familia.



Trives. Pedro Ramos, á esquerda, nunha imaxe tomada na cidade de Nova York.



Chandrea. Francisco Rodríguez, natural de Espasa, coa súa familia nunha das torres xémeas de Nova York.



A Rúa. Marina Rguez, co seu marido e as súas fillas.



O Barco. José Luís Miranda Rodríguez.

Sete emigrantes do oriente ourensán en Nova York relatan as súas vivencias dos atentados do 11 de setembro ás torres xemelas do World Trade Center

Unha xornada trágica para a historia

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Cada día que pasa a situación vai normalizándose en Nova York. A vida segue adiante, pero todos saben que o 11 de setembro deixará unha marca indeleble, non só en Estados Unidos, senón en todo o mundo. O atentado das torres xemelas do World Trade Center esfarelou un dos símbolos do poder económico internacional e segou milleiros de vidas. Foi un acontecemento, que xunto co atentado do Pentágono, en Washingtong tivo en vilo ó mundo, que viviu en directo por televisión os feitos. O oriente ourensán non foi unha excepción e seguiu de preto a través dos medios de comunicación este suceso, especialmente aquelas persoas con familia nas cidades afectadas pola traxedia. Tamén o viviron dun xeito especial as persoas que coñecían e visitaron as torres. Este é o caso de Estasio Laurel Núñez, Tasín, de Rubiá, que estivo en Nova York vai pouco e visitou,

como a meirande parte dos turistas da cidade, as torres. Agora trata de imaxinar o baleiro que deixaron os edificios nesa zona da cidade.

A do 11 de setembro foi unha xornada que tampouco poderán esquecer os emigrantes do oriente ourensán que residen en Nova York ou en Washington, tal e como se reflicte na testemuña dalgunhas destas persoas, que viviron moi de preto os feitos e que están aínda procesando todo o que pasou. Así, José Rodríguez, natural da Rúa, pudo ver dende a ventana da oficina, onde traballa como funcionario, o burato producido polo primeiro choque do primeir avión. Pasaban poucos minutos das nove da mañá cando recibiu a chamada da súa muller Marina Rodríguez, tamén ruesa e profesora nun colexio de Nova York, para saber qué acontecía. “Díxome que estaba vendo o burato do impacto dende a ventana e eu pregunteille que qué facía alí, contestoume que cría que era un accidente. Pero cando pasou o do segundo avión, volvíno a chamar e contoume que estaban evacuando o edificio. Entón baixou e empezou a camiñar e foi cando

unha das torres se caíu, sobre ás dez da mañá. Voltou camiñando a casa e non chegou ata as dúas da tarde. Estivo bastante afectado porque viviu moi de preto todo o sucedido”, explica Marina Rodríguez.

Ó mesmo tempo que isto sucedía Marina Rodríguez, co resto dos compañeiros de traballo, tentaban calmar ós máis de 3.000 alumnos do colexio no que imparte clases. “Todo o mundo trataba de chamarme por teléfono, pero non se podían comunicar aquí comigo porque as liñas do centro estaban sobrecargadas”, asegura.

Esta ruesa leva 25 anos vivindo en Nova York e comenta que “non o crees, parece que vas a despertar dun soño, que o viches na tele, non che parece real. Ademais aquí nunca pensamos que algo disto pasaría”. Tamén destaca a solidariedade que agromou na xente da cidade, dende o principio. “Nós temos un veciño cuílo fillo non aparece. Toda a xente dos edificios da mazá colleu velas unha noite e achegouse ata a súa casa para axudalo. É algo que aquí nunca se faría porque case nin coñecemos ós

veciños, e a xente volcouse dunha maneira increíble”.

Moi preto de Manhattan vive José Luís Rodríguez, un xoven de San Silvestre, en San Xoán de Río, que leva sete anos vivindo en Nova York.

Así, unha semana despois do atentado aínda podía ver dende as fiestras da súa casa como seguía saíndo fume do lugar. José Luís Rodríguez coñece moi ben a zona onde se erguían as torres xemelas, xa que pasaba varias veces ó día polo lugar. O 11 de setembro estaba traballando cando se produciu o impacto do primeiro avión e había tan só quince minutos que pasará a carón das torres. “Aínda non o creo. Eu ía como a dous quilómetros das torres, cando escoitei as novas na radio. Pero ó principio pensei que estaban bromeando, cando ós 15 ou 20 minutos deron a nova de que se estrellara un segundo avión. Entón parei o coche e baixei. Mirei cara alá e efectivamente vin todo o que estaba sucedendo, foi terrible. Aínda alcancei a ver dende lonxe a persoas tirándose dende as torres... Na rúa todo o mundo berrando e

En portada

correndo cara todas partes, ningún sabía o que facer”. Este xoven de San Silvestre explica que nun primeiro momento a xente non sabía que era un ataque terrorista, “pero despois todo o mundo empezou a alarmarse e a policía comenzo a pechar todas as rúas, as pontes, os tuneis... e tivemos que saír camiñando”. José Luís Rodríguez ten unha compañía de construción en Manhattan e tivo que deixar os vehículos nesa zona da cidade. Ese día parouse a xornada laboral en Nova York e suspendéronse as clases. “Estabamos traballando como a 15 ou 20 rúas das torres, pero non pudimos regresar ó día seguinte porque non se podía entrar cos coches, pero o terceiro día reiniciamos a actividade”.

Tamén en Manhattan traballa cada día Francisco Rodríguez, natural do pobo de Espasa, en Chandrea de Queixa, que posúe unha compañía de construción en Nova York. “Esa mañá fun a traballar alí antes do atentado. Estaba traballando como a catro ou cinco bloques das torres. Empezou a verse fume e xente que saía correndo, e abandonaba todo, e eu tamén

saín... O que pasou foi unha catástrofe. Había moitos problemas para saír de Manhattan. Eu estiven alí ata as cinco da tarde dende as nove da mañá, sen poder saír. Estivemos como oito horas parados”, relata. Van xa 12 anos que Francisco Rodríguez chegou a Nova York, aínda que cada ano regresa a Espasa para pasar uns días. Precisamente tiña pensado vir a mediados de setembro. “Tiña previsto saír a mediados de mes, pero agora vou retrasar a viaxe ata novembro. Con todo isto, a verdade é que se lle colle un pouco de respecto ó avión”, confesa.

A uns doce quilómetros de Manhattan, na zona de Queens, reside o trívés Pedro Ramos. O día do atentado estaba na casa, pero pasaba a diario polo lugar que antes ocupaban as torres do World Trade Center.

“É unha cousa terrible, aquilo é un deserto, é case unha zona de guerra. Hai que darse conta de que en menos de dúas horas caíron dous edificios de 110 pisos cada un e que, neles, podía haber máis de 40.000 persoas traballando... Iso quedou completamente en cinzas”,

Miranda viron o atentado a través dos medios de comunicación, pero están a vivir as consecuencias e os cambios que se derivaron del, na zona na que viven, en Staten Island. “A xente é diferente a como era antes, é moito máis solidaria e aínda está moi triste polo que sucedeu”, explica Mercedes Moral.

A tristeza, a solidariedade coas vítimas, con actos como vixilias, e o patriotismo, con bandeiras e lazos por todas partes, son algúns dos xeitos cos que reaccionaron os habitantes de Nova York ante a traxedia. “Fixéronse moitos actos para recordar ós desaparecidos e é impresionante velo, sobre todo aquí, porque un non está acostumbrado a vivir algo así” asegura esta barquesa.

Son xa 16 anos os que Mercedes Moral leva vivindo en Nova York e salienta que “vías as torres aínda cos ollos pechados e non velas agora... O lugar está totalmente desfeito, dá pena velo. Moita xente está agora a favor de que se volvan a construír as torres af. Agora todo o mundo está esperando a ver o que vai pasar, que é realmente ó que se lle ten medo”.

En portada



Dúas valdeorresas narran a incertidume que xerou o ataque en Washington

Un perigo no ceo

A.R.

A incertidume creada polo atentado de Nova York mudou en medo cando se soubo do impacto dun avión ás dez menos cuarto da mañá no Pentágono, en Washington. A media hora deste edificio militar, símbolo da seguridade dos Estados Unidos, vive Pilar Fernández González, de Celavente, no Bolo. “Cando se estrellou o avión no Pentágono foi xa cando non estábamos seguros do que estaba pasando e empezamos a ter medo”, lembra esta valdeorresa. Ademais comenzaron a proliferar as ameazas de bomba por todas partes, finalmente falsas, e os avións militares sobrevocaban de xeito continuo ó ceo de Washington para evitar novos ataques. “A xente non sabía o que estaba pasando. Soamente oíamos os avións e os helicópteros militares, que voaban moi baixiño e constantemente. A nosa casa queda en camiño dende Washington a Camp David, e a zona estaba moi vixiada porque se temía que houbera outra ataque alí”, continúa. A normalidade volveu a cidade tres días despois, pero lentamente, segundo explica Pilar Fernández, que leva 33 anos en Estados Unidos e que está ó fronte dunha inmobiliaria, xunto o seu marido que é norteamericano. “Foi un golpe moi forte, parecía que isto estaba illado, non había nin coches

O Bolo. Nely Álvarez, de Lentellais.

na rúa, cando normalmente hai un tráfico terrible”, destaca Pilar Fernández. Coa mesma sensación de incertidume viviu os atentados Nely Álvarez, unha xoven de Lentellais, no Bolo, que leva tres anos en Washington. “Cando sucedeu todo estaba nunha reunión e cando nolo dixeron non o creíamos. Traballo nun hotel e o primeiro do que tiveron que ocuparme foi da seguridade dos meus empregados. Ó primeiro pensábase que era un accidente, pero logo, ía todo en cadea e a xente empezaba a poñerse moi nerviosa, porque ademais o hotel está moi cerca do aeroporto de Washington e na televisión dicíase que había un avión que estaba

rodando por riba do aeroporto e que non se sabía nada del”, relata esta xoven, que é directora de Recursos Humanos dun hotel da cidade. Das sensacións coas que viviu ese día, Nely Álvarez destaca “a frustración e o medo. A xente non está acostuada a ser atacada en EE.UU. e estaba baixo unha tensión enorme, case en estado de shock”. Tamén incide na reacción solidaria dos cidadáns: “esta traxedia uniu a todos os norteamericanos, vías bandeiras por

todas partes, vixilias e unha res-posta im-presionante ós chamamentos de axuda”. Tamén Nely Álvarez acudiu para botar unha man á Cruz Vermella e asistiu a vixilias, e nunha delas rescatou unha frase dunha nena sobre os sucesos: “O poder do amor superará o amor do poder, entón é cando teremos paz no mundo”.



O Bolo. Pilar Fernández González, natural de Celvante.

Sen poder saír de EE.UU.

Unha das respostas inmediatas dos Estados Unidos ante os atentados foi o peche do seu espazo aéreo, o que supuxo a cancelación de todos os voos. Esta medida obrigou a moitos pasaxeiros a permanecer en EE.UU. sen poder saír do país. Así lle sucedeu a barquense Marisa Prada, que se encontraba visi-

tando Orlando nunha viaxe en grupo, e que tiña previsto regresar a España o martes día 11 pola tarde. Foron case cinco días de espera nos que “non tivemos problemas serios, pero si a preocupación de non saber cando saíramos”. En Orlando regresaron ó hotel, e posteriormente trasladáronse a Miami, nun hotel cercano ó aereo-

portu. Tentando saír de Miami había máis de cen españois, “e tiñamos a esperanza de poder via-xar no primeiro voo de Iberia. Máis complicado o tiñan os 6.000 ingleses que estaban alí”, recorda esta barquense.

Finalmente, conseguiron un voo o sábado 15 de setembro ás once da noite. “Tivemos que presentarnos con moita

antelación porque nos dixeron que as medidas de seguridade fan ser moi estrictas. Foi todo moi lento e cando saímos eran as dúas da mañá”, narra Marisa Prada, que era a primeira vez que visitaba Estados Unidos.

Este país non é un destino habitual dos cidadáns do oriente ourensán, polo que non houbo cancelacións de reservas,

segundo as axencias de viaxes valdeorresas. Pero un dos destinos que si podería verse afectado é o de Exipto pola situación internacional. O 11 de setembro tan só había un valdeorres voando a EE.UU. no intre do atentado, pero o avión detívose en París e suspendeuse a viaxe, segundo informou unha das axencias de viaxes do Barco.

En portada

Desde Inglaterra, Loli Álvarez conta a reacción inglesa ante os atentados

Un país de loito



LOLI ÁLVAREZ*

Ese día fatídico no que o fanatismo duns acabou do xeito máis espeluznante coa vida de milleiros de inocentes, eu disfrutaba do meu día de descanso. Coincidindo coa hora do xantar, sentei-me diante do televisor, atraída máis por unha práctica rutinaria que polo interese da programación en xeral. Pero ese día foi distinto, moi diferente. Ó principio non souben distinguir -como lle pasou a centos de televidentes- si estaban a falar da última produción máis cara da “factoría Hollywood”, da continuación de Pearl Harbor ou de calquera outra montaxe televisiva. As imaxes eran moi bárbaras para ser reais, e moi sincronizadas có tempo real -como que eran en directo-. Así que involuntariamente convertíme en testigo en vivo do colmo da atrocidade.

As reaccións non se fixeron esperar. Tony Blair asistía esa tarde a unha conferencia da TCU na cidade de Brighton. No momento da súa intervención, pediu que os participantes tiveran unha copia do seu discurso e regresou de inmediato a Londres. Os aeroportos da illa empezaron a sufrir as consecuencias: suspensión de voos a Estados Unidos e a algunhas cidades de Canadá, retrasos na maior parte das saídas aéreas e a prohibición terminante de sobrevoar a capital londinense, pensado en evitar que calquer

outro aparato poidera intentar contra algunha das torres máis elevadas da cidade. Así Canary Wharf foi evacuada instantaneamente. Este pequeno “Manhattan” londinense foi fai algún tempo obxectivo a derribar por grupos terroristas, polo que a experiencia de Nova York fixo revivir coñecidas angustias. Neste edificio teñen a súa sede importantes firmas financeiras e os medios de comunicación de máis prestixio. Un par de horas despois do atentado recibín a chamada dun amigo desde Londres. Pánico, abraio, confusión, furia, arrepío, impotencia, incompreensión ... Unha mezcla de todo eso era o que se percibía na cidade, díxome. E de entender. Non esque-zamos co pulso financeiro da capital británica palpita ó mesmo ritmo que o neoiroquino, e que arredor de trescentas familias inglesas quedaron mutiladas pola traxedia do día 11. Outro amigo-directivo dun banco francés que traballou en numerosas ocasións nos inmobles destruídos- comentoume recentemente que o teléfono non cesou de soar durante varios días despois da traxedia e rara era a chamada que non contiña a mala nova da desaparición dalgun coñecido.

O venres 14, Gran Bretaña sumouse a lista de países europeos en loito. O cambio da Garda Real (habitual atractivo turístico para quen se atopa de paso pola cidade) incorporou ese día, e por primeira vez na súa historia, unha novidade no seu repertorio: a interpretación do himno de Estados Unidos. O embaixador en Londres foi o convidado de excepción. Ás once da mañá o silencio apoderouse do país durante un minuto. Estacións, aeroportos, medios de comunicación, oficinas... todo se conxelou por uns intre. Vivo xunto a unha estrada bastante transitada. A esa hora saín fóra para comproba-las reaccións, e quedei abraida. Vin como a maior parte dos conductores buscaron un espazo á beira da calzada, calaron os motores e, rematado o minuto establecido, retomaron a marcha. E o mesmo sucedeu cos transeúntes. A medio-día a catedral de San Pablo acollía unha misa especial polas vítimas, a que acudiu a raíña. Máis informativo que a emotividade do acto -que o foi e moito- resultaron as bágoas de Isabel II, que por primeira vez no seu reinado permitiu

que a súa condición de ser humano fose máis forte que o protocolo. A imaxe da soberana emocionada foi primeira páxina en tódolos rotativos do país. Do apoio incondicional de Gran Bretaña desde o primeiro momento, despréndese unha única preocupación popular latente que ninguén confesa en voz alta: o feito de converterse en candidato número 1 para un posible atentado terrorista.

As medidas de seguridade que se adoptaron a raíz do atentado foron excepcionais. No aeroporto que mellor coñezo, o de Stansted (traballo nel dende hai caseque tres anos) non era posible o acceso á terminal sen antes ser interrogado por unha patrulla da Policía. Os pasaxeiros prohibíuselle a posibilidade de levar equipaxe de man, que quedou relegada a obxectos persoais imprescindibles como moedeiro ou tarxetas de crédito, documentos de viaxe, teléfonos móbiles -que tanto protagonismo tiveron no atentado americano-. Establecéronse dous puntos de seguridade: o primeiro controlado por rayos X e o segundo consistente en rexistrar manualmente as poucas pertenzas do pasaxeiro e o cacheo persoal do mesmo. Os que traballamos alí non fomos unha excepción á normativa. Estas medidas provocaron unha situación caótica, dado o volumen de pasaxeiros que aínda se rexistra a mediados de setembro.

No pasado mes de maio, a parte oriental de Inglaterra quedaba unida coa cidade de Nova York por

medio dun voo diario da liña aérea “Continental”. Cinco meses despois daquela inauguración celebrada a bombo e platillo o cordón umbilical de ilusións viuse suspendido. Un antigo compañeiro de profesión quedouse sen traballo, ó igual que cinco mil empregados de “British Airways” e vinte mil máis en distintas firmas americanas. No primeiro voo de volta de “Continental” a Stansted tra-la traxedia, regresaba un pasaxeiro noso. Un home de complexión forte e firme, ese mesmo semblante que un día fundíron á paisaxe de Manhattan as torres derribadas. Un norteamericano de voz quebrada e a mirada húmeda e dolorida polo deixado ó outro lado do Atlántico. “Foi moito máis que horroroso”, comentoume. Teño que admitir que cando tiveo o seu pasaporte azul nas miñas mans unha especie de seísmo inexplicable fíxome tremer por dentro. Sentín o desexo de mostrarlle as miñas condolencias polo ocorrido naquela cidade (sentimento que sería o mesmo si se tratase de calquer outro país amenazado) e o meu contento por ter fronte a min a un cidadán a salvo dun país tan brutalmente atacado. Ó final optei pola comunicación das olladas e o silencio meditado, que sempre son máis efectivos e máis sineiros.

*Membro de equipo de supervisores da liña aérea “GO” ubicada en Stansted (Inglaterra). Natural de Mones, en Petín.



Opinión



JOAQUÍN FERNÁNDEZ*

Conflicto globalizado

recientes en nuestra mente, es difícil estimar las consecuencias económicas, políticas y sociales de tales acontecimientos. Estamos ante un hecho nuevo en la historia del mundo con más de 6.000 víctimas en pocas horas, como consecuencia de un ataque terrorista. Hasta el momento, veníamos asociando el terrorismo a hechos trágicos, aislados y localizados a ciertas áreas, llevados a cabo por razones políticas y/o económicas, y que no tenían repercusiones económicas inmediatas.

Esta nueva dimensión del terrorismo está produciendo ya importantes cambios económi-

cos, sociales y psicológicos a nivel mundial. Todas las naciones del mundo lideradas por Estados Unidos han tomado posiciones y, por lo tanto, medidas o actitudes que tendrán importantes consecuencias económicas. El conflicto se ha globalizado y no hay nación en el mundo que no se haya movilizado.

Todas las autoridades económicas reconocen el gran impacto negativo del atentado sobre la economía. Realmente, la situación ya estaba en un momento delicado (una recesión económica encubierta en EE.UU. y Europa que sale a relucir ante

esta situación). La novedad es que estos trágicos hechos vienen a crear una situación de incertidumbre y la incertidumbre es un gran enemigo del desarrollo económico.

De momento no sabemos todavía las dimensiones que van a tomar los problemas derivados de las acciones militares y políticas de Estados Unidos y sus aliados. Ni siquiera está claro en estos momentos, cuales serán esas medidas, pero sí se percibe un movimiento a nivel mundial, por primera vez, de solidaridad contra el fenómeno del terrorismo. Ha sido muy significativo ver imágenes de gentes del

mundo islámico manifestando su dolor por los trágicos acontecimientos en los Estados Unidos, lo cual nos indica una apertura de nuevas posibilidades de un entendimiento entre distintas culturas, y por lo tanto, sobre el título de "guerra de civilizaciones" que se ha pretendido dar al atentado. El mundo está demostrando que quiere vivir en paz y entenderse a pesar de todo. Estados Unidos y, en general, el mundo occidental tienen una grave responsabilidad en sus manos en el manejo adecuado de una tan delicada situación.

*Director General - CEDIE.

Reflexiones

JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ*

Liderazgo? Mientras el caos y el dolor paraliza a un país e impacta en el mundo entero, el poder político y militar se prepara para dar respuesta a esta barbarie. Un grupo de desalmados ponen en tela de juicio la capacidad de liderazgo de EE.UU. y abren una profunda crisis. Es tiempo de reflexiones y me asaltan una serie de dudas:

¿Tiene EE.UU. la solidez suficiente para liderar el mundo occidental? ¿o es un líder con pies de barro...?

Si en estos momentos el mundo occidental liderado por EE.UU. da un paso al frente precipitado ¿no caerá en el abis-

mo? ¿No sería adecuado que EE.UU. reorganizara sus funciones en Política Interior y sobre todo sus funciones y acciones en Política Exterior? Sin que ello sea un obstáculo para hacer justicia con los verdaderos culpables y sólo con ellos.

